

## 4.3

# construcción

O presente capítulo, adicado á construcción, está dividido en tres grandes bloques. No primeiro deles, preséntase unha serie de indicadores básicos da construcción, como a licitación pública por data de apertura ou a producción e consumo de cemento. Para a realización do mesmo tense en conta os datos facilitados por Seopan e Oficemen.

Como características xerais, salienta que o valor total da licitación oficial por data de apertura de tódalas administracións públicas medrou nun 18% en 1999, ó contrario do acontecido no caso da licitación autonómica, que diminúe un 30% respecto ó ano anterior. O consumo de cemento aumentou nun 2,1% respecto ó ano 1998.

Nunha segunda parte, abórdase o estudio das principais variables empresariais a partir dos datos facilitados por Ardán. Segundo a metodoloxía de Ardán (considera tan só as

empresas cunha facturación superior ós 40 millóns de pesetas), o sector da construcción está formado por 3.003 empresas, fronte as máis de 13.000 rexistradas pola Tesorería General, o que dá unha idea do reducido tamaño das empresas atendendo á súa facturación.

Finalmente, preséntanse os datos característicos das vivendas en Galicia e a súa comparación co total estatal (visados, número de vivendas, superficie, número de edificios, presupuesto de execución e prezo medio) a partir dos datos do Ministerio de Fomento.

Como punto de partida da análise, en 1999 prodúcese a consolidación do sector da construcción como impulsor do crecemento galego. Tal e como reflicte o **cadro 1.1.1.** (*VEB de Galicia e España 1998-99: taxas de variación*), o subsector da construcción se converte no sector máis dinámico da economía galega ó experimentar un crecemento medio anual do 7,4% en 1999.

CADRO 4.3.1.

*Licitación pública de tódalas Administracións 1998-99*

	1998	1999	99/98
	(en millones de pesetas)		(%)
A Coruña	59.172	52.265	-11,7
Lugo	19.994	15.122	-24,4
Ourense	14.645	14.167	-3,3
Pontevedra	45.959	39.914	-13,2
Varias provincias e/ou CC.AA.	5.586	50.045	
Total	<b>145.356</b>	<b>171.513</b>	<b>18,0</b>
España	2.801.883	2.847.573	1,6
G/E (%)	<b>5,19</b>	<b>6,02</b>	

Fonte: SEOPAN

A poboación ocupada neste sector aumentou en 1999 ata as 104,9 miles de persoas e o peso relativo da mesma no total da poboación galega pasou do 10,7% do ano 1998 ata o 11,1% do ano analizado. En termos absolutos, o aumento da ocupación entre ámbolos dous anos é de 6,8 miles de persoas, o que representa un crecemento do 6,9% respecto ó ano anterior.

### Indicadores básicos da construcción

A **licitación oficial** en Galicia de tódalas administracións públicas acadou os 171.513 millóns de pesetas (o 6% do total licitado en España), o que supón un aumento do 18% respecto ó ano anterior (**cadro 4.3.1.**).

Atendendo ós diferentes tipos de obra, **cadro 4.3.2.**, o crecemento da licitación na obra civil (o 71,1%), que representa un 75,3% do total da licitación oficial en Galicia, compensa o descenso (un 39,4% respecto ó ano anterior) producido no caso da edificación. En España, a tendencia seguida é a mesma: a obra civil, que representa o 74,4%, aumenta un 9,7%, en tanto que o total edificación descende un 16,3%. Ó igual que en España, o subsector transportes é o sector máis importante, aínda que mentres que

en Galicia a licitación oficial neste sector supón o 51,8%, en España representa o 47,6%.

Comparada a licitación oficial total de Galicia coa existente noutras comunidades, esta comunidade é a séptima en termos de licitación oficial total, tras Madrid, Cataluña, Andalucía, C. Valenciana, Castela e León e Aragón.

Desagregando o estudio por provincias, o **cadro 4.3.3.** amosa un descenso do valor territorializado da licitación pública de tódalas administracións nas catro provincias galegas. Pola contra, aumenta o valor da licitación non territorializada, que pasa dos 5.586 millóns de pesetas de 1998 ós 50.045 de 1999. A provincia da Coruña é a que presenta un maior valor das licitacións en 1999, con 52.265 millóns de pesetas, por diante de Pontevedra, con 39.914 millóns. Nembargantes, a diferenza do acontecido o ano anterior, neste ano, Pontevedra supera a A Coruña no que ás licitacións totais de obra civil se refire.

Centrando a análise nas administracións autonómicas, e segundo reflecten os datos do **cadro 4.3.4.**, a Xunta de Galicia licitou obras por un total de 53.010 millóns de pesetas, fronte ós 75.712 do ano anterior. En termos relati-

CADRO 4.3.2.

Vivenda	Licitación pública por dato de apertura de ofertas de todas Administraciones nas CC.AA. 1999: distribución segun tipo de obra							[en miles de pesetas]				
	Total	% Tot.C.A.	Documentos	% Tot.C.A.	Sanitarios	% Tot.C.A.	Depósitos	% Tot.C.A.	Viales	% Tot.C.A.		
Andalucía	7.282	2.01	62.030	17.11	25.884	7.14	2.324	0.64	8.245	2.28	25.598	7.07
Árgon	31	0.02	8.988	1.521	3.716	21.5	418	0.24	1.479	0.86	3.385	1.96
Asturias	781	1.13	8.096	1.157	456	0.66	863	1.24	1.384	1.99	5.384	7.77
Baleares	-	-	4.836	1.128	1.572	3.67	260	0.65	861	1.98	2.133	4.98
Canarias	4.533	4.20	9.807	9.609	3.068	2.33	1.887	1.64	1.055	1.55	3.106	2.68
Castela e León	3.035	3.19	8.016	1.764	236	0.52	374	0.62	3.388	7.39	4.047	8.91
Cáceres	-	-	37345	3.925	7.787	8.18	13.99	14.71	5019	5.28	10.540	11.08
Castela & Mancha	2.195	1.05	20.893	1.04	7.667	3.70	1.540	0.74	2.328	1.12	2.325	4.46
Cataluña	17.874	4.31	48.804	1.76	20.846	5.02	4.836	1.17	820	1.98	3.60	7.528
C. Valenciana	1.259	0.44	73.442	2.534	26.997	9.53	4.518	1.60	3.214	1.14	3.871	13.67
Extremadura	5.561	6.57	1.795	1.851	1.638	1.90	0.16	203	0.24	5.235	6.70	
Galicia	559	0.34	21.723	1.267	4.420	2.58	3.930	2.03	4.833	2.80	3.560	4.99
Madrid	11.141	2.34	69.006	1.446	9.066	2.01	15.383	3.22	11.388	2.39	3.630	6.34
Múrcia	954	1.46	7.035	1.119	1.125	1.72	1.401	2.14	999	1.52	1.783	3.37
Navarra	-	-	11.786	2.371	1.057	2.13	2.852	5.74	4.376	8.80	3.50	7.04
País Vasco	4.194	3.04	14.001	10.16	4.723	3.43	206	0.15	2.925	2.13	6.137	4.45
A. Fora	-	-	2.307	834	369	1.43	542	2.10	821	3.18	574	2.22
Ceuta e Melilla	-	-	426	10.80	-	-	-	-	-	-	426	10.80
Villas comunidades	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	59.419	2.09	416.036	14.61	121.147	4.25	55.859	1.95	61.249	2.15	718.038	6.25
Total	% Tot.C.A.	Estudios	% Tot.C.A.	Transportes	% Tot.C.A.	Ferrocarris	% Tot.C.A.	Puertos	% Tot.C.A.	Urbaniz.	Hidrául.	% Tot.C.A.
Andalucía	187.805	51.89	102.288	39.23	22.145	8.05	16.482	4.55	30.879	8.53	44.474	12.38
Árgon	120.071	72.44	62.347	62.75	13.302	1.32	8.49	4.549	7.762	4.50	20.983	12.15
Asturias	28.367	40.87	20.465	29.43	4.947	-	2.616	8.65	8.516	12.27	16.420	22.22
Baleares	13.571	31.65	6.226	14.76	4.291	-	1.630	10.104	22.57	20.94	8.978	8.978
Canarias	57.421	51.22	46.267	42.91	-	-	11.123	10.31	9.995	10.19	10.483	9.72
Castela e León	16.102	38.44	13.981	28.81	856	1.88	2.156	4.75	3.579	7.88	28.80	13.54
Cáceres	36.311	38.17	30.721	32.29	5.592	5.88	-	5.013	5.27	12.575	13.22	
Castela & Mancha	83.373	40.05	83.946	38.69	2.825	1.36	-	-	2.525	25.812	12.45	
Cataluña	145.119	34.98	106.758	25.73	35.507	8.36	2.834	0.88	76.313	18.40	83.847	20.21
C. Valenciana	108.983	38.49	85.117	30.06	7.816	2.76	16.050	5.67	28.784	10.17	62.325	22.01
Extremadura	37.540	44.46	28.212	3.341	9.301	1.02	27	0.03	6.512	7.71	19.318	22.88
Galicia	88.888	51.83	77.445	45.17	4.833	2.83	6.570	3.83	18.182	10.83	21.728	12.67
Madrid	285.903	59.92	203.390	42.22	87.564	17.10	-	-	48.386	10.14	36.051	7.56
Múrcia	30.123	45.97	26.633	43.88	613	0.04	837	1.35	7.584	11.51	11.700	17.93
Navarra	15.776	31.73	15.317	30.81	441	0.69	18	0.04	11.554	23.24	6.615	13.31
País Vasco	67.147	48.74	59.246	42.97	573	0.42	7.368	5.35	26.718	19.39	16.520	11.99
A. Fora	10.641	41.23	10.469	40.56	171	0.66	-	-	2.260	8.76	6.488	25.18
Ceuta e Melilla	1.175	28.23	1.085	34.46	36	0.90	-	-	204	5.07	551	13.71
Villas comunidades	14.958	48.87	10.443	44.46	-	-	-	-	-	14.887	49.63	10.50
Total	1.354.354	47.56	1.063.999	36.07	288.867	8.81	76.446	2.68	311.222	11.63	412.824	15.19
											228.404	25.61
											2118.65	7.39
											287.774	
Total Xeral	<hr/>										<hr/>	

CADRO 4.3.3.

Licitación pública por dato de apertura de totales Administracións 1999: distribución segundo tipo de obra

Tipo de obra	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Varias provincias e ou C.C. AA.	
	1998 (en millones de pesetas)	1999 (%)	1998 (en millones de pesetas)	1999 (%)	1998 (en millones de pesetas)	1999 (%)	1998 (en millones de pesetas)	1999 (%)	1998 (en millones de pesetas)	1999 (%)
Vivienda	865	314	-63,7	104	-100,0	222	562	-77,3	11.280	59,0
Equipamiento social	18.869	15.653	-17,0	1.607	1.118	-30,4	2.477	79	4.391	-61,1
Rosío edificación	506	1.095	116,4	10	638	6280,0	128	-38,3	2.386	-11,5
Reparaciones	11.674	7.270	-37,7	5.429	1.408	-74,1	3.074	3.313	3.815	-42,4
Transporte	12.459	14.951	20,0	20.0	10.011	6.986	-30,2	5.353	4.034	-24,6
Urbanización	9.368	8.441	-9,9	1.700	3.186	87,4	1.042	2.449	13.50	4.042
Hidráulicas	5.431	4.542	-16,4	1.133	1.785	57,5	2.350	3.730	8.751	4.212
Total edificación	31.915	24.331	-23,8	7.150	3.184	-55,7	5.901	3.954	-33,0	20.769
Total obra civil	27.257	27.934	2,5	12.844	11.957	-6,9	8.745	10.213	16,8	25.191
<b>Total</b>	<b>59.172</b>	<b>52.265</b>	<b>-11,7</b>	<b>19.994</b>	<b>15.122</b>	<b>-24,4</b>	<b>14.645</b>	<b>14.167</b>	<b>-3,3</b>	<b>45.959</b>
										<b>39.914</b>
										<b>-13,2</b>
										<b>5.536</b>
										<b>50.045</b>
										<b>795,9</b>

Fonte: Elaboración propia CES Galicia a partir dos datos de SEOPAN



CADRO 4.3.5.

*Construcción de vivendas en Galicia e España 1998-99*

*Vivendas iniciadas*

	Galicia			España (1)		
	P.Oficial	Libres	Total	P.Oficial	Libres	Total
1998	2.085	21.618	23.703	55,8	351,4	407,2
1999	3.933	26.378	30.311	58,7	453,1	511,8
99/98	88,6	22,0	27,9	5,2	28,9	25,7

*Vivendas rematadas*

	Galicia			España		
	P.Oficial	Libres	Total	P.Oficial	Libres	Total
1998	3.644	13.788	17.432	71,3	226,6	297,9
1999	3.258	18.811	22.069	61,0	296,2	357,2
99/98	-10,6	36,4	26,6	-14,4	30,7	19,9

*Vivendas visadas*

	Galicia			España		
	P.Oficial	Libres	Total	P.Oficial	Libres	Total
1998	2.631	24.262	26.893	60,2	400,4	460,6
1999	2.184	22.779	24.963	58,5	502,8	561,3
99/98	-17,0	-6,1	-7,2	-2,8	25,6	21,9

(1) os datos de España están en miles

Fonte: IGE, INE

CADRO 4.3.6.

*Producción e consumo de cemento 1998-99*

	Producción			Consumo		
	1998	1999	99/98 (%)	1998 (en Tm.)	1999	99/98 (%)
A Coruña	--	-	--	707.334	867.661	22,7
Lugo	530.300	483.500	-8,8	280.870	304.150	8,3
Ourense	--	-	-	219.978	203.178	-7,6
Pontevedra	--	-	-	1.027.232	908.070	-11,6
Total	530.300	483.500	-8,8	2.235.414	2.283.059	2,1
España	32.449.065	35.781.978	10,3	30.990.099	34.626.973	11,7
G/E (%)	1,63	1,35		7,21	6,59	

Fonte: Oficemen

vos, a licitación da Xunta representa o 6,0% do total licitado polas administracións autonómicas en España, co que Galicia é a séptima comunitade no que ó valor licitado se refire, tras Cataluña, Valencia, Andalucía, Madrid, Castela e León e Canarias.

Atendendo ós distintos tipos de obra, a obra civil, que medrou un 23,1%, acolleu o

55,8% do total (29.589 millóns de pesetas), en tanto que a edificación, que caíu un 54,7%, acolleu o 44,2% restante (23.421 millóns). Para o conxunto das administracións autonómicas en España, a obra civil acolleu o 68,7% da licitación e a edificación o 31,3% restante.

En canto á **construcción de vivendas**, os datos do **cadro 4.3.5.** amosan un aumento no

CADRO 4.3.7.

**Sector construcción e obras públicas 1998: actividades que comprende o grupo**

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
<b>Área e gravilla para a construcción</b>	33	7.699,05	3.082,81	1.231,74	10.769,71	17
<b>Cemento e preparados de formigón, cal e xeso</b>	44	35.400,89	9.783,47	5.421,50	37.313,06	31
<b>Prefabricados de formigón</b>	57	15.408,57	4.288,28	950,23	15.496,32	21
<b>Fabricación outros produtos para construcción</b>	41	14.939,56	5.117,82	1.373,53	17.229,85	28
<b>Trabais de carpintería metálica</b>	223	46.235,17	15.147,26	2.027,71	28.445,93	22
<b>Promotores de obras</b>	523	158.201,88	26.858,36	11.303,31	293.854,52	6
<b>Contratistas xerais</b>	952	246.772,27	63.246,32	9.596,98	270.366,75	20
<b>Construccións pesadas</b>	48	51.011,63	14.417,58	2.710,33	45.363,82	67
<b>Preparación de obras</b>	83	13.904,35	5.395,38	1.660,74	12.201,27	15
<b>Instalacións eléctricas</b>	221	42.554,67	14.543,67	1.606,77	31.333,89	19
<b>Fontanería, calefacción e aire acondicionado</b>	143	24.628,70	7.353,07	421,61	15.432,41	14
<b>Rematado de edificios e obras</b>	305	43.719,22	15.356,48	1.693,15	26.303,22	16
<b>Distrib. maiorista de materiais para construcción</b>	221	99.041,23	11.533,74	4.696,31	55.496,62	10
<b>Distrib. minorista de materiais para construcción</b>	77	11.437,11	1.787,90	274,18	6.461,76	8
<b>Servicios de apoio á construcción</b>	32	7.382,20	3.027,29	1.174,38	7.981,94	18
<b>Total</b>	<b>3.003</b>	<b>818.336,50</b>	<b>200.939,41</b>	<b>46.142,46</b>	<b>874.051,05</b>	<b>18</b>
<b>Peso do grupo no conxunto de empresas galegas</b>	<b>27,03%</b>	<b>14,72%</b>	<b>18,70%</b>	<b>15,79%</b>	<b>21,91%</b>	

Fonte: Ardán

número de vivendas iniciadas e rematadas. En termos cuantitativos, estas aumentan un 27,9% e un 26,6%, respectivamente, en relación ó ano anterior. A causa desta evolución é o comportamento da construcción da vivenda libre, que aumenta nos dous casos, e da evolución das vivendas iniciadas de protección oficial, que medrou un 88,6% en 1999. Pola contra, o número de vivendas visadas, libres e oficiais, descendeu en Galicia. En España, o volume de vivendas iniciadas, vivendas rematadas e visadas aumentou un 25,7%, 19,9% e 21,9%, respectivamente, en 1999 por mor, fundamentalmente, do comportamento da vivenda libre.

No concernente ó **consumo de cemento**, materia prima fundamental na construcción, en 1999 continúa o medre experimentado o ano anterior (2,1% respecto a 1998). En termos do consumo de cemento español, Galicia consume o 6,6%, fronte ó 7,2% do total consumido en España ó ano anterior.

Desagregando o estudio por provincias, Pontevedra, a pesares do descenso do 11,6% experimentado, segue a se-la provincia con

maior consumo de cemento, cun 39,8% do total. A Coruña foi a que experimentou o maior crecemento, un 22,7%, acaparando o 38,0% do total consumido en Galicia.

Respecto á evolución da **producción de cemento**, ésta descende en Galicia un 8,8% respecto a 1999, ó contrario do acontecido en España, onde a producción de cemento creceu un 10,3% respecto ó ano anterior. Como reflicte o **cadro 4.3.6.**, toda a producción de cemento de Galicia, que representa o 1,35% do total producido en España, concéntrase na provincia de Lugo.

### Indicadores empresariais

Segundo o criterio de selección de empresas seguido por Ardán en 1998, o sector abarca en Galicia a 3.003 empresas relacionadas coa construcción, que supoñen o 27% do total de empresas consideradas, tal e como reflicte o **cadro 4.3.7.** O valor engadido xerado polas empresas do sector da construcción ascendeu a 200.939,4 millóns de pesetas en 1998, o 18,7% do total xerado polo conxunto de empresas

CADRO 4.3.8.

**Sector construcción e obras públicas 1997-98: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

Núcleos	(en millóns de pesetas)		
	1997	1998	98/97
A Coruña	29.152,51	33.270,72	14,1
Vigo	23.903,46	27.434,70	14,8
Pontevedra	16.699,68	19.008,72	13,8
Santiago	8.939,16	10.331,64	15,6
Ourense	8.789,84	10.248,13	16,6
Arteixo	4.166,83	6.402,50	53,7
Lugo	5.125,75	5.788,05	12,9
O Porriño	3.710,35	3.904,14	5,2

Fonte: Ardán

CADRO 4.3.9.

**Evolución da actividad no sector construcción e obras públicas 1997-98: ingresos, custos e resultados**

	1997		1998		98/97
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Ingresos de explotación	647.722,64	100,00	818.336,50	100,00	26,3
Consumo e outros gastos de explotación	478.661,37	73,90	617.397,10	75,45	29,0
Valor engadido bruto a custo dos factores	169.061,27	26,10	200.939,41	24,55	18,9
Gastos de persoal	115.150,28	17,78	131.630,30	16,09	14,3
Resultado económico bruto da explotación	53.910,99	8,32	69.309,11	8,47	28,6
Amortizácións	12.293,95	1,90	13.711,51	1,68	11,5
Resultado económico neto da explotación	41.617,04	6,43	55.597,60	6,79	33,6
Resultado financeiro	- 12.379,21	-1,91	- 9.876,00	-1,21	20,2
Ingresos financeiros	5.180,84	0,80	6.946,47	0,85	34,1
Gastos de persoal	17.560,05	2,71	16.822,47	2,06	-4,2
Resultado de actividades ordinarias	29.237,83	4,51	45.721,61	5,59	56,4
Resultado de actividades extraordinarias	1.358,20	0,21	562,32	0,07	-58,6
Resultado antes de impostos	30.596,04	4,72	46.283,93	5,66	51,3
Impostos	9.164,46	1,41	13.852,98	1,69	51,2
Resultado neto do exercicio	21.431,58	3,31	32.430,95	3,96	51,3
Cash-flow	33.725,52	5,21	46.142,46	5,64	36,8

Fonte: Ardán

seleccionadas en Galicia, e o seu emprego medio foi de 18 traballadores por empresa.

As actividades más importantes que comprende o grupo, recollidas no devandito **cadro 4.3.7.**, son as de contratistas xerais e as de promotores de obras, con 952 e 523 empresas, respectivamente. En conxunto, estas dúas actividades xeran o 49,5% dos ingresos de explotación do grupo e o 44,8% do valor engadido bruto a custo de factores.

Os **núcleos de localización** das empresas do sector concéntranse nas zonas de A Coruña, Vigo e Pontevedra. Entre as tres zonas acaparan o 39,7% do VEB total galego a custo de factores (**cadro 4.3.8.**).

Atendendo á **evolución da actividad**: ingresos, custos e resultados, o **cadro 4.3.9.** reflicte que 1998 foi un bo ano para as empresas consideradas neste grupo de actividades. O VEB a custo de factores experimentou un cre-

CADRO 4.3.10.

**Evolución do investimento e do financiamento  
no sector construcción e obras públicas 1997-98**

	1997		1998		98/97
	(en millones de pesetas)	(%)	(en millones de pesetas)	(%)	
<b>Activo total</b>	754.978,99	100,00	874.051,05	100,00	15,8
<b>Activo fixo (neto)</b>	159.078,25	21,07	179.216,58	20,50	12,7
<b>Gastos amortizables</b>	2.051,58	0,27	2.241,44	0,26	9,3
<b>Inmovilizado immaterial</b>	13.339,86	1,77	16.327,98	1,87	22,4
<b>Inmovilizado material</b>	99.927,86	13,24	110.287,41	12,62	10,4
<b>Outro inmovilizado</b>	43.268,27	5,73	49.799,89	5,70	15,1
<b>Outro activo fixo</b>	490,68	0,06	559,86	0,06	14,1
<b>Circulante neto</b>	595.900,74	78,93	694.834,47	79,50	16,6
<b>Existencias</b>	321.103,16	42,53	352.824,62	40,37	9,9
<b>Debedores</b>	215.554,32	28,55	266.730,72	30,52	23,7
<b>Tesourería</b>	34.758,31	4,60	44.261,55	5,06	27,3
<b>Outro activo circulante</b>	24.484,95	3,24	31.017,58	3,55	26,7
<b>Fuentes de financiamento</b>	754.978,99	100,00	874.051,05	100,00	15,8
<b>Financiamento permanente</b>	296.838,81	39,32	321.959,75	36,84	8,5
<b>Fondos propios</b>	190.363,25	25,21	213.789,55	24,46	12,3
<b>Recursos alleos I/p</b>	103.341,20	13,89	104.995,55	12,01	1,6
<b>Ingresos distribuidos en varios exercicios</b>	3.134,36	0,42	3.174,66	0,36	1,3
<b>Acreedores a curto plazo</b>	458.140,18	60,68	552.091,30	63,16	20,5
<b>Fondo de rotación</b>	137.760,56	18,25	142.743,17	16,33	3,6

Fonte: Ardán

CADRO 4.3.11.

**Sector construcción e obras públicas 1997-98: estudio económico-financeiro**

**Indicadores do nivel de actividad e resultados sobre ingresos de explotación**

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
1998	17,89%	11,41%	30,29%	23,65%	21,37%	15,89%	4,05%	3,34%	1,32%	0,96%	3,11%	3,24%
1997	13,17%	10,26%	31,71%	24,26%	23,88%	16,54%	3,69%	3,18%	1,64%	1,12%	2,84%	3,06%

**Rendibilidade e magnitudes asociadas**

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
1998	6,50%	6,80%	4,11%	3,55%	1,63	1,89	17,71%	16,90%	2,90%	2,74%	3,48	2,46
1997	5,87%	6,62%	3,80%	3,46%	1,52	1,84	13,44%	14,92%	3,17%	3,09%	3,51	2,54

Fonte: Ardán

cemento dun 18,9% respecto ó ano anterior e os ingresos de explotación, un 26,3%, polo que o peso relativo do VEB descende do 26,1% ata o 24,55%. O resultado de actividades ordinarias medrou un 56,4% e o resultado neto do exercicio, un 51,3%.

En relación ó **investimento** e ó **financiamento**, **cadro 4.3.10.**, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 20,5% do circulante neto (un 23,1% en 1997), acadando un fondo de rotación de 142.743,2 millóns de pesetas, un 3,6% superior ó existente o ano anterior. O 79,5% restante (o 76,9% no ano anterior) está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 36,8% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 12,3% respecto ó ano anterior, supoñen o 24,5% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 1,6%, cun peso relativo do 12% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 874.051 millóns de pesetas, un 15,8% superior ó valor de 1997, dos que 179.216,6 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 12,7% superior ó existente o ano anterior). Os 694.834,5 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 16,6% en relación a 1997.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, os indicadores do nivel de actividad e resultados sobre ingresos de explotación, **cadro 4.3.11.**, reflecten unha aceleración no crecemento dos ingresos superior ó constatado para o conxunto das empresas galegas e unha diminución dos custos de persoal e da carga financeira dun xeito relativo, o que axuda a explicar a boa situación das empresas analizadas. En canto á rendibilidade e magnitudes asociadas, aumentan as rendibilidades económica e

financeira por mor da evolución positiva das variables das que dependen.

O nivel de endebedamento, malia o seu lixeiro descenso, segue a estar a niveis moi superiores ós do conxunto da empresa galega.

### Datos de vivenda

Os datos xerais de vivenda en Galicia, recollidos no **cadro 4.3.12.**, reflecten que en Galicia o número de edificios de nova planta a construír ascendeu a 7.713 (7.178 edificios residenciais), cunha superficie media a construir de 5.463 miles de metros cadrados (en edificación residencial, 4.950). O número de vivendas a construír ascendeu a 25.034 (19.509 no ano anterior) e o número medio de vivendas por edificio (residenciais de nova planta) foi de 3,49.

Xunto a esta edificación de nova planta, no último ano había un total de 1.512 edificios a rehabilitar (1.152 vivendas creadas en rehabilitación) e 392 edificios a demoler (1.123 vivendas), polo que o número total de vivendas ascendeu a 25.063.

O número de visados de dirección de obra nova en 1999 ascendeu a 5.466 visados, un 25% superior ó número de visados do ano anterior. O total de edificios ascendeu a 6.906 (un 38,65% superior á do ano anterior) dos que 6.423 corresponden a vivendas, sendo a superficie total a construir de 5.874,5 miles de metros cadrados (un 39,73% máis que en 1998), dos que 5.226,1 metros cadrados corresponden a vivendas. O presupuesto de execución acadou os 207.303,9 millóns de pesetas, case un 39% superio á do ano anterior.

Comparado co total estatal, o **cadro 4.3.13.** reflecte para Galicia unhas taxas de crecemento respecto ó ano anterior do número de visados, total de edificios, superficie a construir

**CADRO 4.3.12.**

**Edificación e vivendas en Galicia e España 1998-99: datos xerais (1)**

	Galicia		España	
	1998	1999	1998	1999
<b>Edificación de nova planta</b>				
<b>Edificios a construir</b>				
Residencial	5.674	7.178	115.333	131.280
Non residencial	487	535	14.497	15.659
Total	6.161	7.713	129.830	146.939
<b>Superficie a construir (miles m<sup>2</sup>)</b>				
Residencial	3.936	4.950	58.870	66.586
Non residencial	353	513	12.782	14.216
Total	4.289	5.463	71.652	80.802
Vivendas a construir	19.509	25.034	350.431	392.208
<b>Obras de rehabilitación</b>				
Edificios a rehabilitar	1.478	1.512	25.405	25.591
Vivendas creadas en rehabilitación	962	1.152	13.655	12.624
<b>Obras de rehabilitación</b>				
Edificios a demoler	283	392	9.543	10.794
Vivendas a demoler	620	1.123	12.638	13.947
<b>Total vivendas</b>	<b>19.851</b>	<b>25.063</b>	<b>351.448</b>	<b>390.885</b>
Num. medio de vivendas por edificios residenciais de nova planta	3,44	3,49	3,04	2,99

(1) datos a partir das licencias municipais de obras  
Fonte: Ministerio de Fomento, Edificación e Vivenda

**CADRO 4.3.13.**

**Visados de dirección de obra en Galicia e España 1998-99: obra nova**

	Galicia			España		
	1998	1999	99/98	1998	1999	99/98
<b>Número de visados</b>						
<b>Total edificios</b>						
Vivendas	4.981	6.906	38,65	165.860	194.409	17,21
Servicios comerciais	4.585	6.423	40,09	154.899	181.113	16,92
Outros	178	209	17,42	4.215	4.548	7,90
	218	274	25,69	6.746	8.748	29,68
<b>Superficie a construir</b>						
Vivendas (m <sup>2</sup> )	4.204.118	5.874.468	39,73	82.360.006	101.172.171	22,84
Servicios comerciais	3.521.085	5.226.129	48,42	70.514.252	84.894.709	20,39
Outros	336.688	260.929	-22,50	3.767.702	4.457.813	18,32
	346.345	387.410	11,86	8.078.052	11.819.649	46,32
<b>Presupuesto de ejecución (en millóns de pts)</b>	<b>149.198,2</b>	<b>207.303,9</b>	<b>38,95</b>	<b>3.465.321,5</b>	<b>4.329.398,4</b>	<b>24,93</b>

Fonte: Ministerio de Fomento, Edificación e Vivenda

e presupostos de ejecución superiores ás experimentadas polo conxunto do estado.

Respecto ós visados de dirección de obras de ampliación, o **cadro 4.3.14.** amosa que o número de visados ascendeu a 613 (575 visados en 1998) e o número total de edificios a 658 (597 visados en 1998), dos que 503 correspon-

deron a vivendas. A superficie a construír foi de 167.273 metros cadrados, un 23,8% inferior á de 1998 e o presupuesto de ejecución acadou os 5.655,5 millóns de pesetas.

Comparado coa evolución seguida polo total estatal, o devandito cadro reflicte un menor crecemento no caso do número de visa-

CADRO 4.3.14.

**Visados de dirección de obras en Galicia e España 1998-99: obras de ampliación e reforma ou restauración**

	Galicia			España		
	1998	1999	99/98	1998	1999	99/98
<b>Obras de ampliación</b>						
<b>Número de visados</b>	575	613	6,61	9.891	11.598	17,26
<b>Total edificios</b>	597	658	10,22	10.587	12.680	19,77
Vivendas	445	503	13,03	8.365	10.091	20,63
Outros	152	155	1,97	2.222	2.589	16,52
<b>Superficie a construir</b>	219.454	167.273	-23,78	2.365.083	2.754.504	16,47
Vivendas	(m <sup>2</sup> )	77.114	87.053	1.123.113	1.404.448	25,05
Outros		142.340	80.220	1.241.970	1.350.056	8,70
<b>Presupuesto de ejecución</b>	(en millones de pts)	6.986,2	5.655,5	-19,05	89.716,7	109.892,3
						<b>22,49</b>
<b>Obras de reforma e/ou restauración</b>						
<b>Número de visados</b>	618	662	7,12	13.904	18.944	36,25
<b>Total edificios</b>	688	692	0,58	15.999	21.274	32,97
<b>Presupuesto de ejecución</b>	(en millones de pts)	7.615,0	7.570,0	-0,59	146.985,7	187.503,1
						<b>27,57</b>

Fonte: Ministerio de Fomento, Edificación e Vivenda

CADRO 4.3.15.

**Vivendas en Galicia e España 1998-99: distribución segundo as súas características**

	Galicia			España		
	1998	1999	99/98	1998	1999	99/98
<b>Número de vivendas</b>						
obra nova	20.878	30.673	46,92	466.658	564.530	20,97
a ampliar	19.323	28.840	49,25	432.728	520.770	20,35
a reformar/ampliar	726	780	7,44	11.088	13.591	22,57
	829	1.053	27,02	22.842	30.169	32,08
<b>Superficie media por vivenda</b>						
vivenda unifamiliar	(m <sup>2</sup> )	185,0	189,3	2,32	149,2	146,1
vivenda en bloque		102,3	100,9	-1,37	104,3	105,9
a ampliar		106,2	111,6	5,08	101,3	103,3
<b>Número de viendas por clase de promotor</b>						
personas físicas e comunidades de propietarios	6.579	7.855	19,40	100.889	119.409	18,36
sociedades mercantís	13.673	22.035	61,16	338.085	417.402	23,46
cooperativas	332	314	-5,42	14.932	14.291	-4,29
administracións públicas	100	236	136,00	6.046	7.462	23,42
outros	194	233	20,10	6.706	5.966	-11,03

Fonte: Ministerio de Fomento, Edificación e Vivenda

dos e do total de edificios no caso galego, así como un descenso da superficie e dos presupuestos de ejecución en Galicia, ó contrario do acontecido no conxunto do estado.

No concernente ós visados de obras de reformas e/ou restauración, o **cadro 4.3.14.** reflicte que o número de visados aumentou ata

os 662 visados e o número de edificios a 692, dos que 545 corresponden a vivendas. O presupuesto de ejecución experimenta un descenso do 0,6% respecto ó existente en 1998, acadando un valor de 7.570 millóns de pesetas.

O **cadro 4.3.15.** recolle a distribución das vivendas segundo as súas características e

CADRO 4.3.16.

*Prezos medios do metro cadrado das vivendas nas CC.AA. 1998-99*

	1998	1999	99/98	90 m <sup>2</sup> / RFBD (1)	
	(en miles de pesetas)	(%)	1998	1999	
<b>Andalucía</b>	90,1	97,8	8,55	6,22	6,28
Aragón	97,1	109,4	12,69	4,78	5,05
Asturias	109,5	120,0	9,59	6,49	6,66
Baleares	123,3	155,5	26,12	5,14	5,94
Canarias	118,9	137,2	15,39	6,82	7,31
Cantabria	118,1	128,1	8,49	6,52	6,62
Castela-A Mancha	75,7	79,6	5,15	4,48	4,42
Castela e León	112,8	121,3	7,55	5,98	6,04
Cataluña	146,6	168,4	14,87	7,42	8,00
C. Valenciana	87,4	96,9	10,87	4,74	4,83
Estremadura	67,3	71,0	5,50	4,28	4,14
<b>Galicia</b>	<b>99,1</b>	<b>102,1</b>	<b>3,03</b>	<b>5,92</b>	<b>5,71</b>
Madrid	181,7	195,5	7,59	8,00	7,97
Murcia	74,6	79,8	6,97	4,66	4,68
Navarra	125,8	138,3	9,94	6,14	6,35
País Vasco	166,7	194,6	16,74	8,63	9,42
A Rioxá	99,3	112,2	12,99	4,32	4,61
<b>Total</b>	<b>119,2</b>	<b>131,8</b>	<b>10,57</b>	<b>6,50</b>	<b>6,69</b>

(1) RFBD=Renda familiar bruta disponible (poder de compra por habitante)  
Fonte: *Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico*

reflicte un importante aumento do número de vivendas (46,9%) respecto ó ano anterior así como un aumento da superficie dun 2,3%. Comparado co total estatal, en España o aumento do número de vivendas é do 21% en tanto que a superficie media por vivenda descede un 2%.

Atendendo á clasificación por clase de promotor, o cadro sinala o predominio de sociedades mercantís, 22.035 (un 61% superior á do ano anterior), seguido das persoas físicas, con 7.855, un 19,4% máis que en 1998.

Finalmente, no concernente ó prezo medio do metro cadrado da vivenda en Galicia, este ascendeu ata as 102,1 miles de pesetas en 1999, un 22,5% inferior á media estatal, que foi de 131,8 miles de pesetas. Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia presenta a menor taxa de crecemento respecto ó prezo do ano anterior, co 3,03% (un 10,57% no conxunto do estado), sendo a sexta comunidade co prezo máis baixo tras Estremadura, Castela-A Mancha, Murcia, Valencia e Andalucía.

Se se considera que a vivenda tipo ten unha superficie de 90 metros cadrados, o devandito cadro reflicte que, dada a renda familiar bruta dispoñible, as galegas e gallegos necesitarían un total de 5,71 anos, como media, para pagar unha vivenda. Este tempo é inferior ó necesitado polo conxunto de españoles como media (6,69 anos), sendo a séptima comunidade onde se tardaría menos tempo en financiar unha vivenda. ■

